

MORRAZO

O Concello de Moaña rexistrou máis de mil topónimos en todo o municipio

■ As fotografías aéreas con moitos microtopónimos e o seu significado están xa expostos

O resultado do traballo feito por Paula Soto Vilas, Beatriz Martínez Cordeiro, e Iván Sestay, está dende onte exposto no propio Concello de Moaña. En 15 paneis de fotografías aéreas, o visitante pode comprobar os topónimos, moitos deles

microtopónimos, de todo o municipio, e o seu significado. As xóias destes nomes de lugares son A Almuña, un dos poucos topónimos galegos que derivan do árabe, e As Pampilleiras, que abundan nos campos pero non na toponimia.

moaña

J. LUIS MARTÍNEZ


O proxecto de recollida da toponimia de Moaña foi presentado onte no propio Concello, nun acto no que participou o alcalde da vila, Xosé Manuel Millán, o concelleiro de Cultura, Xan Cancelas, a secretaria xeral de Política Lingüística, María Sol López, o delegado de Medio Rural, Gonzalo Constenla, o director do Proxecto de Toponimia de Galicia, Xermán García, e o coordinador dos traballos de campo, Vicente Feijoo.

Entre o público asistente estaban as persoas que auxadaron a recuperar os topónimos, dirixentes de colectivos, e concelleiros.

Xan Cancelas animou aos moañeses a viaxar coa imaxinación polos nomes dos lugares, pois atoparán mouras, covas, e fadas.

O alcalde, Millán Otero, adverteu que é "un traballo imperfecto", pero que chegará a ser perfecto na medida que os veciños colaboren para corrixir errores, precisar máis os lugares nas fotos aéreas, e aportar máis nomes que seguro hai. "Cando unha persoa maior morre, o gran tesouro que leva con ela son os nomes", dixo o rexidor, convencido de que o proxecto da toponimia de Galicia "é un dos traballos más bonitos que se puxeron en marcha no país".

Gonzalo Constenla destacou a importancia de conservar "o patri-



Cando menos ate o dia 30 do vindeiro mes de maio a toponimia estará exposta no propio Concello.

monio immaterial da toponimia", así como o feito de que participen todas as consellerías da Xunta no proxecto, posto que é a mellor garantía de continuidade.

Xermán García, pola súa banda, manifestou que "recoller a microtoponimia e contribuír á conservación do patrimonio cultural". Ate agora está feito, ou en marcha, nun cuarto do territorio galego, nuns 125 concellos, que poderían sumar 230.000 topónimos rexistrados, engadiu.



As autoridades destacaron na presentación a importancia do traballo feito.

Meira vén de marisma, Domaio é un sitio con lama e Tirán é por estar á beira do mar

A exposición da toponimia do municipio de Moaña estará exposta no Concello ate o 30 de maio, e despois percorrerá as distintas parroquias. O traballo feito permitiu recoller 1.100 topónimos, por exemplo en Domaio, A Fonte das Donas, que son ninfas ou mouras acuáticas das fontes encantadas, e en Meira, A Maceira Veciña, que é a que da froito un ano si e outro non, ainda que hoxe na comarca do Morrazo a forma usual é 'maceira veciña'.

No caso das parroquias, San Martiño ten o nome do santo, en tanto que Meira significa marisma. Domaio, ben o río, ou ben sitio de cheo de lama, mentres que Moaña é derivado de charco, lagacheiro, ou lamazal, e Tirán é un sitio á beira da corrente mariña que perfora os cantís do litoral.

A toponimia moañesa está mediódigitalizada, e antes de rematar o ano aísi poderá ser consultada en internet. Onte foi presentado ese traballo, que permite situar nun plano o lugar para comprobar en que parroquia se atopa, e hai tamén unha ficha coa foto.

Os nomes están corregidos, e así, entre outros, O Cristo de Faxáns de Tirán é de Fasáns, As Pajonas É A Pagona, e Berducedo é Verducedo, como lembrou onte Xan Cancelas.

Nos últimos días este diario xa informou dalgúns nomes e o seu significado, outros son A Borna, que é un dos topónimos más antigos de Moaña, anterior aos romanos, que se refire ás correntes mariñas, e tamén hai varios referidos aos castileiros, que lembran que neses lugares houbo eses árbores, ainda que agora sexan escasos.